



## INSTRUCCIÓN PARA **DAR DE ALTA UNHA NOVA SOCIEDADE OU CLUB** NO REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS E NA FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA (FGC)

O Regulamento do Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia, *Decreto 85/2014 do 3 de xullo*, establece no artigo 20.2 que a inscrición da escritura de constitución e da escritura de modificación dos estatutos **deberán inscribirse no referido Rexistro de Entidades Deportivas no prazo de 2 meses, contados a partir do día seguinte da súa aprobación.**

O art. 14.2 da *Ley 39/15 de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas*, en vigor dende o 2/10/2016, establece que **as comunicacións das persoas xurídicas, neste caso sociedades ou clubs de caza, deben realizarse telemáticamente a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia.**

A FGC para facilitar este labor ás entidades deportivas pon á súa disposición un Servizo de tramitación telemática, así como os diferentes documentos e impresos que deben remitir as sociedades e clubs para darse de alta ao mesmo tempo no Rexistro de Entidades Deportivas e na Federación Galega de Caza.

Dos impresos e documentos que se citan a continuación (Impreso de Representación, Solicitud de certificado negativo da denominación, Autorización de consulta de datos, Acta de constitución, Certificado de aprobación de estatutos, Relación de xunta directiva, e Estatutos) as sociedades e clubs deberán **remitir 1 copia debidamente cumprimentada e firmada en orixinal á Federación de Caza, coidando que o nome da sociedade ou club figure exactamente igual en todos os impresos, documentos e apartados.**

❖ **As entidades deben ter tramitado o seu CIF provisional antes de solicitar a alta no rexistro de Entidades Deportivas, pedirán cita na Axencia Tributaria e aportarán; Acta de constitución, relación xunta directiva, certificado de aprobación Estatutos e Estatutos. (MODELO 036)**

Para cumprimentar os impresos e documentos deberán seguirse atentamente as seguintes pautas:

➤ **En primeiro lugar deberase obter a certificación do Rexistro de Entidades Deportivas para poder utilizar o nome co que se pretende denominar a entidade (certificación negativa), para elo deberá remitirse á FGC a seguinte documentación:**

**1. IMPRESO DE REPRESENTACIÓN.** Cumprimentar o *Documento 1. Impreso de Representación* (Código de procedemento **PR004A**), polo que se autoriza a FGC para realizar os correspondentes trámites ante o Rexistro de Entidades Deportivas e ante a Secretaría Xeral para o Deporte para obter o certificado de denominación negativa da entidade; **debendo cumprimentarse unicamente os DATOS DA PERSOA OUTORGANTE, indicando na casilla "Nome" o nome e apelidos e nº de NIF da persoa solicitante.**

**Este documento deberá asinalo no apartado de "sinatura da persoa outorgante" aquela persoa que se indique no "Nome/Razón Social"**

**1.a) SOLICITUDE DE CERTIFICACIÓN DE DENOMINACIÓN NEGATIVA DA ENTIDADE.** Antes de proceder a preparar e tramitar a documentación para dar de alta unha nova entidade, deberá cumprimentarse o *Documento 1a). Solicitud de certificado de denominación negativa*, mediante o que se solicita ao

Rexistro de Entidades Deportivas **unha certificación negativa da denominación da entidade**, para confirmar que non existe outra sociedade ou club inscrito ou reservado co mesmo nome que se pretende poñerlle á nova entidade. Deberán cumprimentarse todos os datos que se indican na solicitude, indicando ata tres denominacións diferentes cos que se pretenda designar á nova entidade por se algún deles xa estivera inscrito ou reservado.

**Esta solicitude deberá asinala o Representante da entidade que pretende constituírse.**

**1.b) TAXA:** Xunto coa solicitude deberá remitirse o *Exemplar para a Administración* da Taxa de Autoliquidación da Comunidade Autónoma, que deberá facerse efectiva en ABanca, onde tamén facilitarán o correspondente impreso a cumprimentar (consultar códigos na FGC). O importe da taxa (Lei 6/2003, de 9 de decembro) está establecido nas Taxas da Comunidade Autónoma.

Tamén pode facerse efectiva na FGC e ésta encargárase de realizar o correspondente ingreso ante a Consellería de Facenda.

➤ **Unha vez recibida do Rexistro de Entidades Deportivas a correspondente certificación de denominación social e antes de transcorrer 3 meses (a certificación ten unha validez de 3 meses) contados desde a data do certificado, deberán remitirse á FGC os seguintes documentos para proceder a tramitar a alta tanto no Rexistro de Entidades Deportivas como na FGC:**

**2. IMPRESO DE REPRESENTACIÓN.** Cumprimentar o *Documento 2. Impreso de Representación* (Código de procedemento PR946A), polo que se autoriza á FGC para tramitar a alta dunha nova sociedade ou club no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia; **debendo cumprimentarse os datos do outorgante**, indicando no apartado **“Nome” o nome da Sociedade ou Club e o seu número de NIF (cif)**; e no apartado de **“E, na súa representación” o nome e apelidos e nº de DNI do/a presidente/a da entidade.**

**Este documento deberá asinalo o/a presidente/a no apartado “sinatura da persoa outorgante”.**

**3. AUTORIZACIÓN DE CONSULTA DE DATOS.** Deberá cumprimentarse o *Documento 3. Autorización de consulta de datos* polo que se autoriza á Secretaría Xeral para o Deporte para que poida consultar os datos de identidade dos directivos no sistema de verificación de datos, indicando o nome e apelidos e nº NIF de cadaún dos directivos.

**Este documento deberán asinalo todos os directivos que se indiquen nel, no apartado “sinatura” a carón dos datos persoais de cadaún.**

**4. ACTA DE CONSTITUCIÓN OU ACTA FUNDACIONAL.** Deberá cumprimentarse o *Documento 4. Acta de Constitución*, nela figurarán as persoas que constitúen a Sociedade (como mínimo 5 membros), debendo cumprimentarse todos os datos que se sinalan neste impreso.

**Este documento deberán asinalo todos os directivos ou promotores que se indiquen nel.**

**IMPORTANTE:** Entre a data de fundación da Entidade (data da acta de constitución) e o resto da documentación deberán de **mediar alomenos 15 días naturais** (Por exemplo, se unha entidade se constitúe o día 1 de xaneiro, esta data figurará na Acta de Constitución, mentres que a data do resto dos documentos (Autorización de consulta de datos, certificado de aprobación de Estatutos, e Estatutos) deberá ser posterior ao 15 de xaneiro).

**5. CERTIFICADO DE APROBACION DE ESTATUTOS.** Deberá cumprimentarse o *Documento 5. Certificado de aprobación de estatutos*, sinalando a data da asemblea xeral extraordinaria na que foron aprobados os mesmos.

**Este documento deberá asinalo o/a secretario/a da entidade co vº e prace do/a presidente/a.**

**6. RELACIÓN DA XUNTA DIRECTIVA.** No *Documento 6. Relación da Xunta Directiva*, relacionaranse todos os membros da xunta directiva, con expresión de todos os datos que se indican no impreso, sendo tamén imprescindibles o e-mail e o nº de tfno. (mínimo 5 Directivos e máximo 15).

Este documento deberán asinalo todos os directivos que se indiquen nel, no apartado “*sinatura*” a carón dos datos persoais de cadaún.

- 7. ESTATUTOS.** O *Documento 7. Estatutos*, deberá de axustarse ao modelo oficial da FGC, (tamén conta cun modelo específico para cada unha das especialidades; Paxariles, Field Target, Agility, Cetraría e Peñas de Caza Mayor), cumprimentando todos os apartados que figuran en branco, e indicando no artigo 5 os requisitos que deberán reunir os socios (*no Documento 9 figuran a modo de exemplo algúns requisitos comúns*). **A FGC aconsella que os estatutos se remitan á Federación, en formato word, para a súa revisión antes de proceder a aprobalos na asemblea.**

**Os estatutos deberán asinalos todos os directivos ou promotores que figuren na acta de constitución ou acta fundacional, asinando todas as páxinas á marxe esquerda agás na última que asinarán ao pé de páxina.**

A FGC tamén ten a disposición daquelas entidades que o precisen, os modelos de Estatutos específicos para as diferentes especialidades deportivas de Paxariles, Field Target, Agility e Cetraría, e mesmo para Peñas de Caza.

- 8. TAXA DE INSCRICIÓN NO REXISTRO.** Á documentación anterior unirase o *Exemplar para a Administración* da Taxa de Autoliquidación da Comunidade Autónoma, que deberá facerse efectiva en ABanca, onde tamén facilitarán o correspondente impreso a cumprimentar (consultar códigos na FGC). O importe da taxa (Lei 6/2003, de 9 de decembro) está establecido nas Taxas da Comunidade Autónoma. Tamén pode facerse efectiva na FGC e esta encargárase de realizar o correspondente ingreso ante Consellería de Facenda.

- 9. MODELO DE REQUISITOS ART. 5 ESTATUTOS.** Exemplos de requisitos para axudar a cumprimentar o art. 5 dos Estatuto

## **10. ABONO CUOTA FEDERATIVA ANUAL**

---

*Lémbrese que unha mesma persoa non poderá formar parte de máis de unha xunta directiva de clubs distintos que participen ou teñan intereses en idéntica competición oficial (Art. 46.3 da Lei 3/2012 do deporte de Galicia)*

***Segúndo Circular 01/2023-OBRIGATORIEDADE DO USO DA SINATURA DIXITAL NO REXISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS, os documentos deben ser asinados dixitalmente, almenos, por un dos directivos, preferiblemente polo Presidente, Secretario ou representante. (para máis detalle consultar coa FGC).***